

Criterios xerais para a creación, modificación e supresión de departamentos

Aprobados polo Claustro Universitario o 26 de xuño de 2015 Dispón o artigo 78.ñ) dos Estatutos que é competencia do Claustro Universitario o establecemento dos criterios xerais para a creación, modificación e supresión de centros e departamentos e para a adscrición daqueles á Universidade. Ao mesmo tempo, a complexa situación económica invita a reformular o número e a composición destes órganos co fin de acadar un mellor aproveitamento dos recursos existentes, o que tamén foi recollido na Programación Plurianual cuxas liñas xerais aprobáronse polo Pleno do Claustro celebrado o 18 de novembro de 2014.

No seu cumprimento, preséntase esta proposta na que se recollen os aspectos de carácter substancial, non adxectivo, que poderían rexer a reestruturación dos departamentos, no bo entendemento de que as cuestións de orde procedimental, cuxo protagonismo reside no Consello de Goberno, figurarán, de selo caso, na norma articulada de desenvolvemento.

Tamén compre indicar que esa norma articulada de desenvolvemento cinguirase ao marco fixado polos criterios xerais, os cales habilitan a súa existencia.

Criterio primeiro. Composición

Os departamentos deberán contar na súa composición con vinte ou máis profesores con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. Aínda que o número de profesores a tempo completo e vinculación permanente necesarios para a existencia dun departamento é de 15, considérase que estes deben tender a contar con 20 ou máis profesores para, deste xeito, garantir a súa pervivencia a medio prazo. A norma de desenvolvemento poderá permitir de xeito excepcional que o número se reduza respectando o mínimo de 15 profesores fixado nos Estatutos e tendo como criterio a agrupación coherente das áreas, a súa evolución a curto e medio prazo, así como outras circunstancias académicas que concorran.

Para a determinación do número de profesores con vinculación permanente e dedicación a tempo completo dun departamento deberá atenderse ao número de prazas dotadas orzamentariamente do profesorado funcionario, contratado doutor, colaborador fixo ou profesorado indefinido declarado por sentenza xudicial, así como á súa dedicación.

Todo o profesorado dunha mesma área de coñecemento formará parte dun mesmo departamento.

Criterio segundo. Seccións departamentais



Consonte o establecido no artigo 48.4 dos Estatutos, o Consello de Goberno poderá aprobar a creación de seccións departamentais, sendo o criterio para facelo de carácter xeográfico e /ou académico.

As seccións departamentais se caracterizan por:

- a) Contar cun mínimo de 10 profesores con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo nos termos descritos no criterio xeral primeiro.
- b) Comprender a todo o profesorado das áreas do departamento adscritas á sección departamental.
- c) Coordinar as tarefas de docencia e de investigación que lle sexan encomendadas polo consello de departamento no seu regulamento de réxime interno.

As seccións departamentais non terán competencias referidas á xestión económica ou administrativa, nin se equiparán a centros de imputación de gasto.

O regulamento de réxime interno dos departamentos que contén cunha ou varias seccións departamentais terá como contido mínimo con relación a elas o seguinte:

- a) A enumeración expresa das competencias delegadas polo consello de departamento.
- b) O seu funcionamento.
- c) Os procedementos que garantan a coordinación co departamento.
- d) O modo da súa integración no departamento.

Criterio terceiro. Creación e modificación de departamentos

Segundo o artigo 81.a) dos Estatutos, é competencia do Consello de Goberno a creación e modificación de departamentos.

A iniciativa para a creación dun departamento corresponde a:

- a) Maioría do profesorado con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo dunha ou de varias áreas de coñecemento.
- b) Os centros onde podería impartir docencia.
- c) Un ou varios departamentos.
- d) A vicerreitoría con competencias na organización académica.
- e) O Consello de Goberno.



A creación dun departamento poderase producir pola fusión de dous ou máis departamentos existentes.

Non se poderá crear un novo departamento por segregación doutro preexistente se este quedara con menos de vinte profesores con vinculación permanente e dedicación a tempo completo, agás que tales profesores fosen a integrarse noutro departamento.

A modificación poderá proceder da integración dunha ou varias áreas de coñecemento nun departamento xa existente.

Para a creación dun departamento, terase en conta:

- a) Razóns de especialización científica, técnica ou artística.
- b) A agrupación do encargo docente dunha parte importante da docencia de grao e posgrao nas titulacións dun centro ou máis centros, contribuíndo así a coordinación docente.
- c) A pertenza do profesorado a áreas de coñecemento que comparten docencia ou manteñen vinculacións comúns en materias de grao en máis dun plano de estudos.

Criterio cuarto. Supresión de departamentos

Segundo o artigo 81.a) dos Estatutos, é competencia do Consello de Goberno a supresión de departamentos.

A iniciativa para a supresión dun departamento corresponde a:

- a) Maioría do profesorado con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo dunha ou de varias áreas de coñecemento.
- b) Os centros onde imparte docencia.
- c) Un ou varios departamentos.
- d) A vicerreitoría con competencias.
- e) O Consello de Goberno.

Un departamento incorrerá en causa de supresión no momento en que o número de profesores sexa inferior ao establecido no criterio primeiro. Nese caso, os seus membros disporán dun período de doce meses para presentar ante a vicerreitoría con competencias na materia a solicitude de fusión ou de integración. Transcorrido o período indicado, procederase á integración de oficio pola citada vicerreitoría, previo informe dos departamentos posiblemente receptores.

De xeito excepcional e en aras da efectividade da norma, os departamentos que na data da súa entrada en vigor non contén co número de profesores indicado no criterio primeiro,



disporán dun período de 3 meses para presentar a súa solicitude de fusión ou integración. En todo caso, o proceso deberá estar rematado antes do 31 de decembro de 2015.

Para estes efectos considérase fusión, a integración de dous departamentos nun.

Para estes efectos considérase integración, a incorporación dos membros dun departamento en outro preexistente.

Para a supresión dun departamento, terase en conta a:

- a) Motivación razoada da supresión.
- b) O departamento ou departamentos aos que se adscribirán os membros do departamento suprimido, así como os grupos de investigación.
- c) A xestión económica e a adscripción dos créditos orzamentarios ao departamento ou departamentos nos que se integren os membros do departamento suprimido.
- d) A supresión de cargos.
- e) O destino que debe darse aos bens funxibles e non funxibles do departamento suprimido ou de calquera outro elemento susceptible de redistribución, fraccionamento ou reparto.

Criterio quinto. Regulamento de réxime interno do consello de departamento

Consonte o disposto no artigo 69.4 dos Estatutos, os órganos colexiados (entre eles, o consello de departamento) elaborarán e aprobarán un regulamento de réxime interno. O regulamento de réxime interno do consello de departamento contemplará a autonomía das áreas que o integran á hora de coordinar a docencia e de elaborar as propostas nos temas que lles afecten e, de ser o caso, o funcionamento das seccións departamentais. Nos departamentos multiárea poderá haber un coordinador por área se así o desexan os membros da área.

Criterio sexto. Áreas propias da USC

Para os efectos da norma que desenvolverá os presentes criterios xerais, as áreas creadas pola USC, e en tanto se manteñan como tales, terán o mesmo tratamento que as áreas nacionais.